



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA A MOBILIDADE DE ESTUDANTES NO MARCO DE CONVENIOS BILATERAIS PARA O CURSO 2008/2009

No marco dos convenios interuniversitarios subscritos pola Universidade da Coruña con distintas universidades estranxeiras, ábrese esta convocatoria para cubrir prazas de intercambio de estudantes para o curso académico 2008/2009.

#### 1. RELACIÓN DE PRAZAS QUE SE OFERTAN

A relación das prazas que se ofertan é a que se describe no anexo I.

#### 2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Esta convocatoria está dirixida a estudantes da Universidade da Coruña matriculados en 1.º, 2.º ou 3.º ciclo, que teñan como mínimo o primeiro curso aprobado e cumpran os requisitos académicos especificados na oferta de prazas.

#### 3. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Os candidatos deberán presentar, na Oficina de Relacións Internacionais a seguinte documentación:

- Formulario de candidatura *on-line*:  
[http://www.udc.es/moveonline/outgoing/start.php?\\_version=outgoing&\\_language=ES](http://www.udc.es/moveonline/outgoing/start.php?_version=outgoing&_language=ES)
- Fotocopia do DNI
- Expediente académico
- Copia da matrícula do curso actual
- Certificado de idiomas no caso de universidades de fala non castelá
- Currículo e memoria xustificativa da motivación polo intercambio

As oficinas están localizadas en:

CAMPUS DA CORUÑA

O Lagar - Campus de Elviña - A Coruña

CAMPUS DE FERROL

Edif. Apoio ao Estudo - Campus de Esteiro - Ferrol

#### 4. CONDICIONANTES ACADÉMICOS DO INTERCAMBIO

Os estudantes que participen no intercambio aboarán no seu centro na UDC, as taxas de matrícula e o seguro escolar preceptivos antes da súa viaxe.

Asinarase un *Contrato de Estudos* previo á viaxe do estudante, en que figurará, se é o caso, o recoñecemento académico que se aplicará ao finalizar a estada de estudos na institución receptora. Este contrato de estudos estará asinado polo estudante e polos coordinadores departamental e institucional da Coruña.

Unha vez que se formalice o Contrato de Estudos e se reciba o certificado de aceptación da Universidade de destino, a Oficina de Relacións Internacionais entregará a cada estudante seleccionado unha *Certificación en que constará o estatus de estudante de intercambio*.

Os estudantes que participen no intercambio están suxeitos a todas as normas, igual que os estudantes da universidade receptora, no que concirne aos requisitos de conduta e resultados nas clases.

No marco desta convocatoria de intercambio bilateral, as prazas con destino a Europa non recibirán financiamento de fondos propios da UDC.

#### 5. CRITERIOS DE SELECCIÓN

En cada centro, unha comisión de selección nomeada no centro e formada como mínimo pola/s persoa/s coordinadora/s dos intercambios e presidida polo decano/director do centro, encargárase de seleccionar os candidatos, podendo convocalos, se se considera preciso, a unha entrevista persoal. Os criterios de selección serán fixados polas comisións de selección baseándose, como mínimo, nos seguintes criterios:

- A preparación académica do/a aspirante, valorada segundo o seu expediente académico e o seu currículo: un mínimo dun 50%.
- O coñecemento do idioma da universidade de destino, se fose o caso.
- A adecuación do compromiso de estudos na universidade de destino ao seu perfil académico.
- A motivación, a madureza, a autonomía persoal e a adaptabilidade do/a estudante.

A comisión establecerá unha relación de candidatos titulares e outra de suplentes, e publicaráa nos taboleiros de anuncios do centro. Os candidatos seleccionados e os suplentes disporán de **3 días hábiles**, que contan a partir do día seguinte á



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

publicación da listaxe provisional **para calquera reclamación**. A comisión de selección deberá **resolver no prazo de 5 días hábiles**, que contarán desde a finalización do prazo de presentación de reclamacións. Resoltas as reclamacións, o secretario da comisión deberá **enviar a proposta definitiva de selección**, incluíndo a listaxe de suplentes, á **Oficina de Relacións Internacionais**, en todo caso **antes do 12 de maio de 2008**. A proposta definitiva de selección do estudante suporá a aprobación provisional polo centro/departamento do compromiso de estudos, pendente da realización da matrícula en tempo e forma. A adxudicación definitiva das bolsas publicárase na páxina web **www.udc.es/ori**. Esta resolución esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso de reposición e/ou recurso contencioso administrativo nos prazos e formas previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

### 6. ACEPTACIÓN DAS PRAZAS DE INTERCAMBIO

Os candidatos seleccionados deberán **aceptar por escrito** a concesión da praza **no prazo de 7 días hábiles** despois da publicación da lista definitiva, e realizarán na universidade de destino os estudos para os que se lles concede a praza, ata o final do período previsto da estadía.

### 7. CONDICIONANTES FINANCEIROS DO INTERCAMBIO

Os estudantes correrán con todos os gastos que se deriven do intercambio, incluíndo gastos de viaxe, aloxamento e manutención. Cada estudante tamén debe realizar, pola súa conta, un seguro para cubrir as contingencias médicas no país receptor, e acreditar a vixencia deste seguro ante a Oficina de Relacións Internacionais.

A Universidade da Coruña concederalle unha axuda única a cada estudante de intercambio, baseada no tempo de estadía e no destino, que será dun mínimo de 900 € e dun máximo de 1400 €.

A UDC pagará o 50% das axudas ao principio do intercambio ao recibir o certificado de chegada do estudante á universidade de destino e 50% ao final da estadía ao recibir o certificado de estadía final do estudante. As axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria n.º 9870.9902.03-442D-480.03.

A ORI xestionará directamente a repartición e o pagamento aos estudantes de calquera axuda complementaria que se reciba doutras institucións para favorecer esta mobilidade bilateral, en función dos fondos para repartir, e os mesmos criterios de tempo de estadía e de destino.

### 8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

O prazo límite de presentación de candidatura no marco desta primeira convocatoria **remata o 18 de abril de 2008**.

No caso de que queden prazas libres tras a resolución de prazas adxudicadas na primeira convocatoria, **manterase a convocatoria aberta** durante todo o curso 2008/2009, a partir da publicación da primeira resolución na páxina web da ORI e os **prazos límites dependerán esencialmente dos prazos esixidos por cada unha das universidades de destino**. No marco da convocatoria aberta, a selección dos estudantes farase por aceptación explícita, por parte da universidade de destino, co visto e prace do coordinador da UDC e por proposta da ORI, da candidatura para a mobilidade.

A Coruña, 7 de abril de 2008

O reitor

José María Barja Pérez



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### ANEXO I: OFERTA DE PRAZAS NO MARCO DE CONVENIOS BILATERAIS - CURSO 2008/2009

Esta oferta está dispoñible na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais [www.udc.es/ori](http://www.udc.es/ori)

PRAZOS	
Publicación da convocatoria	7 de abril 2008
Límite para a presentación solicitudes polo estudante	18 de abril de 2008
Envío de solicitudes desde a ORI ao centro	21 de abril de 2008
Publicación das listaxes de selección provisional en centros	Antes do 28 de abril 2008
Prazo de reclamación estudantes	3 días hábiles, desde a publicación das listaxes de resolución provisional
Prazo de resolución de reclamacións	5 días hábiles, desde a fin do prazo de reclamación
Envío das listaxes definitivas de seleccións á ORI	12 de maio de 2008
Aceptación dos destinos concedidos aos estudantes	7 días hábiles despois da publicación da listaxe final